



Sesión ordinaria do 28 de outubro de 2004

<p>Asistentes</p> <p>D. Docampo Amoedo (Presidente)</p> <p>A. Mazaira Castro (Vicerreitor de P.D.C.O.)</p> <p>X.M. Cid Fernández</p> <p>J.A. Fraiz Brea</p> <p>J. F. Gálvez Gálvez</p> <p>J.C. Mejuto Fernández</p> <p>P. Rabanal Carbajo</p> <p>S. Reboreda Morillo</p> <p>M. Suárez Pazos</p> <p>A. Cid Sabucedo</p> <p>J. Campos Casal</p> <p>V. Forján Cid</p> <p>J. Varasa Paredes</p> <p>D. Vila Fabello</p> <p>L. Pérez Gómez</p> <p>F. Rivas Conde</p>	<p>No Salón de Graos do edificio de Facultades, coa asistencia dos compoñentes, citados á marxe, réunese o Consello de Campus de Ourense en sesión ordinaria o día 28 de outubro de 2004, ás 12,00 horas, en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Toma de posesión dos novos membros2. Aprobación, se procede, das actas anteriores3. Informe do Presidente4. Informe das propostas de actividades culturais solicitadas dende os centros5. Rolda aberta de intervencións6. Rogos e preguntas <p>Toma de posesión dos novos membros Toman posesión e dáselle a benvida aos novos membros do Consello de Campus de Ourense</p> <p>Aprobación, se procede, das actas anteriores Deuse lectura e apróbanse as actas correspondentes ás sesións extraordinaria e ordinaria do día 24 de marzo de 2004</p> <p>Informe do Presidente O Presidente informa sobre os resultados positivos da matrícula no Campus de Ourense e o éxito de ocupación na Residencia de estudantes. Así mesmo informa sobre a proposta do novo calendario escolar, as instalacións deportivas e o Centro de Transferencia Tecnolóxica do Campus, o arranxo dos locais para as asociacións estudiantís e a construción da nova biblioteca.</p> <p>Informe das propostas de actividades culturais solicitadas dende os centros Toma a palabra o Vicerreitor de Planificación e Desenvolvemento do Campus de Ourense, informando sobre as propostas de actividades realizadas pola Facultade de Ciencias, non incluída no Consello anterior, as propostas realizadas por asociacións estudiantís.</p> <p>Rolda aberta de intervencións Realizáronse diversas intervencións sobre distintas temáticas, a cargo do Profesor Gálvez (escasa porcentaxe de acceso de alumnos procedentes de ciclos formativos), o Sr. Varasa (escasez de prazas nos aparcamentos), o Sr. Rivas (necesidade dunha parada de autobús urbán perto do Campus), o Profesor Cid Fernández (dotar aos edificios de nomes con significado académico), o Profesor Fraiz (necesidade de clases de español a estudantes estranxeiros que veñen por intercambio), a Profesora Reboreda (nova convocatoria de axudas para actividades culturais), o Profesor Cid Sabucedo (cuestións relativas á organización académica), a Sra. Vila (ampliación do horario de</p>
--	---

